



## Concello de Oza-Cesuras

### DECRETO DA ALCALDÍA

Vista a providencia desta Alcaldía do 26 de xuño de 2026, pola que se acorda aprobar as bases e convocar o proceso selectivo para a contratación laboral temporal con carácter urgente dun peón para traballos de mantemento de infraestruturas municipais (traídas de auga e outros) e espazos públicos municipais, cunha duración máxima de 90 días naturais, cunha xornada parcial de 20 horas semanais.

Resultando que publicado o correspondente anuncio na páxina web do concello, presentáronse, en tempo e forma, segundo certificación expedida pola encargada do rexistro xeral municipal, as seguintes solicitudes:

| NOME E APELIDOS           | DNI       |
|---------------------------|-----------|
| José María López Regueiro | ***9510** |

Considerando que, de acordo co establecido nas bases que rexen a convocatoria, o candidato D. José María López Regueiro, reúne os requisitos esixidos con referencia ao derradeiro día de prazo de presentación de solicitudes para tomar parte no proceso selectivo.

Considerando que, de conformidade co establecido na base 7ª das que rexen a contratación, no caso de que non se presenten máis solicitudes que número de prazas convocadas, e sempre que o candidato reúna os requisitos esixidos, non será precisa a realización de proceso selectivo.

Á vista do anterior, tendo en conta que o número de solicitudes presentadas para tomar parte no proceso selectivo coinciden co número de prazas convocadas, en uso das atribucións que legalmente me corresponden, RESOLVO:

1º.- Contratar á D. José María López Regueiro para desempeñar o posto de peón para traballos de mantemento de infraestruturas municipais (traídas de auga e outros) e espazos públicos municipais, cunha duración máxima de 90 días naturais, cunha xornada parcial de 20 horas semanais.

2º.- Comunicar ao seleccionado, mediante chamada telefónica aos números de teléfono que constan no expediente, que deberá presentar os documentos previstos na base novena das que rexen a convocatoria e, unha vez presentada ésta, proceder á formalización do correspondente contrato.

3º.- Dar traslado da anterior listaxe e demais datos necesarios, á Xestoría Administrativa para que proceda a dalos de alta na Seguridade Social.

Oza Cesuras, na data da sinatura electrónica

**Dou fe,**

**O ALCALDE,**

**Asdo.- J. Pablo González Cacheiro**

**O SECRETARIO,**

**Asdo.- José C. Sánchez Presedo**

**DECRETO**  
Número: 2026-0385  
Data: 10/07/2026

Cod. Validación: 66LITX2TSQRUSYFDN7XXPLX2A  
Corrección: <https://ozacesuras.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1

